



PREPARACIÓN DE OPOSICIÓN
ONDE SE PREPARAN OS MELLORES PROFESORES
E PROFESORAS DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

DIDÁCTICA 01

INTRODUCCIÓN

ANEXO - GALICIA



Aviso legal

Todo o contido deste material didáctico é propiedade intelectual de Academia Montes S.L. e atópase protexido pola lexislación vixente en materia de dereitos de autor.

Queda estritamente prohibida a súa reprodución, distribución, venda, alugueiro, intercambio ou calquera outro uso con fins comerciais ou lucrativos, total ou parcial.

A persoa que incumpra esta normativa incorrerá en delitos segundo o Código Penal español e as leis de dereitos de autor e protección de datos, coas sancións correspondentes.

ÍNDICE

NORMATIVA CURRICULAR.....	3
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS	4
SITUACIÓN DE APRENDIZAXE.....	7
PRESENTACIÓN DAS MATERIAS DA ESPECIALIDADE.....	9
CRITERIOS DE VALORACIÓN	18
EXPLICACIÓN PARA ELABORAR O ÍNDICE	23
EXEMPLO DE ÍNDICE DUNHA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	25
EXEMPLO DE ÍNDICE DUNHA UNIDADE DIDÁCTICA.....	27
EXPLICACIÓN PARA ELABORAR A INTRODUCCIÓN.....	29
EXEMPLO DE INTRODUCCIÓN DUNHA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	31
EXEMPLO DE INTRODUCCIÓN DUNHA UNIDADE DIDÁCTICA	33
QUE HAI QUE FACER ESTA SEMANA?	35


COMEZAMOS

Con este anexo comezas a preparación da **proba de aptitude pedagóxica** -proba didáctica- para os procesos selectivos da nosa especialidade, Xeografía e Historia, na Comunidade Autónoma de Galicia.

A proba didáctica en Galicia divídese en dúas partes: a primeira consiste na presentación e defensa oral dunha programación didáctica (PD), é dicir, primeiro entregas a programación e, posteriormente, deféndela ante o tribunal; e na segunda parte da proba expós oralmente unha unidade didáctica (UD) das que compoñen a programación didáctica.

Cos anexos específicos para Galicia do curso 2026-2027 aprenderás a elaborar, desde o principio, unha programación didáctica para presentar aos procesos selectivos coas súas correspondentes unidades didácticas. Ao mesmo tempo, para completar o enfoque da proba de aptitude pedagóxica e comprender mellor os diferentes niveis de concreción curricular, aprenderás a elaborar unha unidade didáctica completamente desenvolvida.

Para programar correctamente é necesario que comprendas o **currículo vixente** en Galicia; para iso aconsellámosche que fagas unha lectura comprensiva do propio currículo, tanto da parte xeral coma dos elementos curriculares da materia na que se programa.



Imaxe 1. Relación entre os elementos curriculares

NORMATIVA CURRICULAR

Esta é a **normativa curricular vixente** para a educación secundaria obrigatoria (ESO) e o Bacharelato que debes ter en conta para elaborar o teu traballo didáctico, porque esta é a normativa na que se describen os elementos curriculares das materias da nosa especialidade.

■ EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- ✓ DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a **ordenación e o currículo** da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ DECRETO 117/2023, do 27 de xullo, polo que se **modifica** o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (non afecta ás materias da nosa especialidade)

■ BACHARELATO

- ✓ DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a **ordenación e o currículo** do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ DECRETO 118/2023, do 27 de xullo, polo que se **modifica** o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (non afecta ás materias da nosa especialidade)

PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Para elaborar a **programación didáctica** hai que prestar atención ás indicacións da normativa curricular vixente para a ESO e o bacharelato.

■ EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

En relación co **deseño** das programacións didácticas, o DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, establece o seguinte:

Artigo 15. Concreción curricular

2. A concreción curricular da etapa incluirá, como mínimo:

l) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e a avaliación das programacións didácticas.

Artigo 16. Programacións didácticas

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias ou ámbitos seguindo as decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

2. As programacións didácticas das materias ou dos ámbitos das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluirán a parte do currículo da materia ou do ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.

- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.

- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.

- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

h) *Práctica docente.*

- *Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.*

- *Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.*

3. *O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia ou ámbito, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.*

4. *A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas.*

■ BACHARELATO

En relación co **deseño** das programacións didácticas, o DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, establece o seguinte:

Artigo 16. Concreción curricular

2. *A concreción curricular da etapa incluirá, como mínimo:*

k) *As decisións e os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.*

Artigo 17. Programacións didácticas

1. *Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de bacharelato mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias seguindo as decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.*

2. *As programacións didácticas das materias das ensinanzas de bacharelato incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:*

a) *Introdución.*

b) *Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.*

c) *Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluirán a parte do currículo da materia que se vai traballar e a relación de instrumentos de avaliación.*

d) *Metodoloxía.*

– *Concrecións metodolóxicas.*

– *Materiais e recursos didácticos.*

e) *Avaliación.*

– *Procedemento para a avaliación inicial.*

– *Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia, e criterios de recuperación.*

– *Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.*

– *Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.*

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

– Concreción dos elementos transversais.

– Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

– Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

– Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas.

SITUACIONES DE APRENDIZAXE

Para elaborar as **situacións de aprendizaxe** hai que prestar atención ás indicacións da normativa curricular vixente para a ESO e o bacharelato.

■ EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Con respecto ao **deseño** das situacións de aprendizaxe, o DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, establece o seguinte:

Artigo 24. Avaliación

6. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Xeografía e Historia

24.4. Orientacións pedagóxicas

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe:

– A contextualización das aprendizaxes e a súa conexión cos problemas actuais e retos do presente, desde unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, facilitando dotas de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permitindo crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais que propician a participación e o compromiso coa contorna e a comunidade.

■ BACHARELATO

Con respecto ao **deseño** das situacións de aprendizaxe, o DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, establece o seguinte:

Artigo 22. Avaliación

5. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Historia do Mundo Contemporáneo

24.4. Orientacións pedagóxicas

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe:

– O desenvolvemento de situacións activas de aprendizaxe nas que se leven a cabo propostas de indagación e investigación, baseadas en proxectos de interese científico, cultural e social, e nas que o alumnado sexa o encargado de procesar a información, construír o coñecemento e transferilo.

Xeografía

42.4. Orientacións pedagóxicas

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e estimulando a participación en debates sobre temas relevantes para a comprensión crítica da realidade.

Historia da Arte

24.4. Orientacións pedagóxicas

– A realización dun traballo de investigación sobre o patrimonio cultural galego, a súa protección legal e as accións públicas e privadas para a súa conservación, mantemento e posta en valor.

Historia de España

24.4. Orientacións pedagóxicas

– Realizar traballos de investigación e «obradoiros de historia», xerando produtos a través da indagación e da investigación que poñan en valor o patrimonio histórico considerado como un ben común que hai que conservar.

PRESENTACIÓN DAS MATERIAS DA ESPECIALIDADE

Na normativa curricular vixente para a ESO e o bacharelato establécense os obxectivos, criterios de avaliación, contidos organizados en bloques e orientacións pedagóxicas das materias da nosa especialidade, que inclúe unha **introdución** das características de cada materia e outros aspectos relevantes.

■ EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Esta é a **introdución** das materias da nosa especialidade que aparecen no DECRETO 156/2022, do 15 de setembro.

Xeografía e Historia (1.º, 2.º, 3.º e 4.º de ESO)

24.1. Introducción

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e á análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do seu devir a través do tempo e do espazo, e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea, á participación e ao compromiso social. Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades, exercer a cidadanía e orientar o seu comportamento cívico, cuestións estas de especial importancia nunha etapa educativa na que o alumnado adolescente precisa de experiencias formativas que lle permitan construír o seu criterio, a súa identidade e a súa autonomía para desenvolverse na súa contorna social. Esta complexa transición prodúcese da etapa de educación primaria á de educación secundaria obrigatoria e, no noso ámbito, implica poñerse en contacto cunha sociedade complexa que lle presenta dilemas e na que o alumnado debe aprender a tomar decisións informadas. A toma de conciencia dos desafíos aos que nos enfrontamos na actualidade, así como a valoración crítica das respostas que, ao longo da historia, se deron aos retos e problemas que se foron sucedendo, dispón a mocidade en situación de actuar xa no presente para garantir a sustentabilidade do planeta e o benestar da humanidade no futuro.

Aínda que se vincula e continúa co proceso de desenvolvemento competencial da área de Ciencias Sociais da educación primaria, a atención particular que se lle concede agora tanto á Xeografía coma á Historia queda xustificada polo seu acusado carácter comprensivo, global e integrador e pola súa conexión con outras ciencias sociais, o que permite contribuír ao logro dos obxectivos e competencias que marcan o perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Os obxectivos da materia confírenlle un perfil pertinente no desenvolvemento de dimensións fundamentais da aprendizaxe, como son o traballo sobre a información e as súas fontes a través de recursos variados, incluídos os dixitais, a contextualización das aprendizaxes na contorna local e global, o interese polos obxectivos de desenvolvemento sustentable, o exercicio da solidariedade e a cohesión social, o respecto á diversidade cultural e ás diferentes identidades, o afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores e prácticas democráticas, a valoración e conservación do patrimonio, a defensa da igualdade real entre mulleres e homes, así como a loita contra calquera tipo de discriminación. Para iso hai que combinar as ferramentas e estratexias propias dos métodos de estudo de cada unha destas dúas disciplinas —o pensamento xeográfico e o histórico— coa capacidade crítica e de concienciación. O pensamento xeográfico enténdese como un conxunto de habilidades para analizar, comprender, transformar e producir novas formas de coñecemento espacial arredor de conceptos como proximidade, conexión, localización ou distribución espacial, utilizando a escala adecuada en cada caso, desde o local ao global. E é que entender as razóns que configuran o territorio e as paisaxes permite considerar alternativas e, polo tanto, outorga a posibilidade de actuar para construír espazos que favorezan a xustiza social, o equilibrio ambiental e a cidadanía global. Isto require a aplicación de procedementos de análise xeográfica; establecer relacións causais entre diversas variables que explican a complexidade dos fenómenos sociais no espazo; propoñer hipóteses explicativas, e comunicar resultados dunha busca sinxela utilizando as técnicas de representación do espazo e o vocabulario xeográfico. O pensamento histórico defínese como o proceso levado a

cabo para interpretar as fontes do pasado e xerar as narrativas históricas a través da reflexión sobre a súa relevancia, a análise de fontes, a discusión sobre as causas e consecuencias dos acontecementos, así como a análise dos cambios e continuidades entre eles, desde unha perspectiva temporal e contextualizada, e con relación a determinados criterios éticos e cívicos. Pero a Xeografía e a Historia non só abordan o pasado, senón tamén o presente e o futuro nun dobre plano: os estudantes deben comprender a súa realidade inmediata a partir dos coñecementos do pasado para tomar decisións futuras sen prexuízos, como cidadáns autónomos e coherentes. E nun segundo plano, a Xeografía e a Historia permiten explicar e entender o presente como un proceso inacabado (eliminando posturas teleolóxicas), sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica, para modelar o futuro.

Tanto nos obxectivos coma nos criterios de avaliación e nos contidos queda reflectida a visión funcional e activa das aprendizaxes propias da materia. A avaliación dos obxectivos realízase a través dos criterios de avaliación, que miden tanto os resultados coma os procesos dunha maneira aberta, flexible e interconectada dentro do currículo. Establécense certas etapas históricas e determinados ámbitos temáticos nos distintos cursos, pero a progresión de contidos está condicionada principalmente pola complexidade dos procesos que se poñen en acción e a madurez persoal e cívica do alumnado, acorde co seu desenvolvemento e capacidades. É precisamente esta multidimensionalidade da avaliación, que relaciona a adquisición de coñecementos, o desenvolvemento e a posta en acción de destrezas e procesos, así como o exercicio e incorporación de actitudes, valores e compromisos, a que debe facer dos criterios a guía das intencións e das estratexias educativas. Porque todas estas facetas formativas deben verse comprometidas nas iniciativas e na aprendizaxe do alumnado con base nunha consideración integral da súa formación. Hai, polo tanto, un avance na óptica curricular que afonda na substitución da acumulación enumerativa enciclopedista baseada na memorización de datos pola profundación do coñecemento, a aplicación práctica da aprendizaxe e o desenvolvemento de competencias que permitan avaliar o alumnado desde unha perspectiva multifocal. A aplicación dunhas metodoloxías máis activas contribuirá a que o alumnado mostre e potencie todas as súas capacidades, o que fomentará máis a súa motivación e predisposición á aprendizaxe.

Neste sentido, os criterios de avaliación e os contidos, estruturados por cursos e en tres bloques, son concibidos como unha meta e non só como unha base da que partir, situando no alumnado o protagonismo na súa construción para dotalos de significado e comprender con eles o mundo no que vive. Trátase de non incorrer en enfoques exclusivamente academicistas na presentación e organización dos contidos, tradicionalmente dispostos en campos disciplinares estancos, excesivamente concretos, pechados en ámbitos temáticos e a través de secuencias diacrónicas sucesivas, promovendo unha perspectiva máis aberta e flexible, na que as dimensións do espazo e do tempo poidan ser interpretadas e desenvolvidas ao longo de todos os cursos, permitindo combinar a xeografía e a historia e conectar os seus métodos e campos de estudo.

O primeiro dos bloques, «Retos do mundo actual», contribúe a que en todos os cursos se preste especial atención aos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global, e está destinado a espertar no alumnado unha mirada crítica e responsable. Tamén a incidir no desenvolvemento de procesos de aprendizaxe relacionados coa sociedade da información e do coñecemento, que esixen unha constante actualización e posta ao día, así como a dispoñer das destrezas e actitudes necesarias para actuar adecuadamente nas plataformas dixitais e nas redes de comunicación. Con este enfoque baseado en problemas sociais relevantes preténdese espertar no alumnado a conciencia histórica sobre problemas, conflitos e incertezas actuais, complementando as visións xeográfica e histórica da sociedade a través da súa dinámica e evolución no tempo. Perséguese que os xuízos propios e a capacidade de diálogo e de debate estean fundamentados e argumentados, previndo a desinformación, a falta de criterio e as actitudes intolerantes e contribuíndo a que o alumnado sexa capaz de formular solucións ao presente para o futuro.

O bloque de «Sociedades e territorios» está orientado á aplicación de estratexias e métodos das ciencias sociais e, en concreto, dos procedementos e das técnicas que achegan a xeografía e a historia, a través de metodoloxías como poden ser o traballo por proxectos, o desenvolvemento de experiencias de investigación e outras propostas baseadas na indución e na experimentación. Os contidos deste bloque están organizados arredor das grandes cuestións que preocupan a humanidade e que contribúen a explicar a orixe e a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo. Tales cuestións preséntanse, de maneira transversal, a través das distintas etapas históricas, desde a Prehistoria ata a Idade Moderna nos dous primeiros cursos, e no mundo contemporáneo en terceiro e cuarto, contribuíndo en todos os casos á comprensión xeral de permanencias e cambios, e contextualizando e mostrando, se é o caso, a conexión co presente dos fenómenos analizados.

O terceiro bloque de obxectivos, «Compromiso cívico local e global», subliña a importancia deste compoñente que integra, ademais de valores e actitudes (tolerancia, respecto, compromiso...), outros ámbitos asociados ao desenvolvemento persoal do alumnado, como poden ser o sentido da responsabilidade, o desenvolvemento do espírito crítico, a capacidade para crear unha opinión propia, ou o sentirse parte activa do devir da sociedade. Estas dimensións son fundamentais para a formación integral, tanto polo sentido que lle outorga ao resto dos saberes, aos que complementa e dá significado, coma pola súa proxección social e cidadá.

En cada un dos catro cursos cada bloque divídese, á súa vez, en epígrafes con aspectos xenéricos clave. Tales bloques non son nin homoxéneos nin equilibrados, polo que non é preciso que se correspondan de forma directa con cada unha das avaliacións do curso común, ao tempo que permiten subdivisiones ou alteracións internas.

A proposta pretende dar a liberdade suficiente a cada departamento e ao seu profesorado, para a organización destes contidos, a súa programación, secuenciación, parcelación e enfoque. Isto inclúe a posibilidade de realizar un percorrido cronolóxico – diacrónico ou invertido– ou transversal, dentro dos aspectos tratados en cada curso –enténdase referido tamén á metodoloxía e ás estratexias específicas–, en función dos obxectivos e das situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica cun enfoque multicausal e desde a perspectiva do estudo comparado. En calquera caso, a atención á individualidade e diversidade do alumnado, aos seus intereses e aptitudes, ha de permitir a necesaria diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión.

Por outra banda, o papel vertebrador de procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, facilita a formulación de estratexias interdisciplinarias ao longo dos catro cursos da etapa. A capacidade de contextualizar as aprendizaxes e conectalas con problemas actuais e retos do presente, desde unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, permite dotalas de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado, así como crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais que propicien a participación e o compromiso coa contorna e a comunidade.

■ BACHARELATO

Esta é a **introdución** das materias da nosa especialidade que aparecen no DECRETO 157/2022, do 15 de setembro.

Historia do Mundo Contemporáneo (1.º de bacharelato)

25.1. Introducción

A materia de Historia do Mundo Contemporáneo pretende proporcionar ao alumnado unha visión rigorosa e á vez útil e funcional da historia contemporánea, orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e, ao mesmo tempo, o exercicio dunha cidadanía activa e implicada na vida social. O pensamento histórico, que integra o conxunto de intencións, estratexias e métodos que orientan o estudo do pasado, ponse ao servizo da comprensión do presente para afrontar así os retos que nos presenta o século XXI. Porque é desde a observación do mundo actual e a previsión do porvir que xa despunta de onde xorde a necesidade de dirixir a nosa mirada á historia, máis ou menos recente, para obter as claves, as preguntas e talvez tamén algunha das respostas coas que entender e mellorar o mundo no que vivimos. Os problemas e retos que nos presenta a realidade globalizada que configura a nosa contorna son múltiples e ineludibles, e non é posible atendelos sen os recursos que nos ofrece a historia contemporánea, que desde hai algo máis de dous séculos trata de dar resposta a boa parte destes mesmos desafíos. Neste sentido, o alumnado debe tomar conciencia de que herda un legado, dado nas experiencias acumuladas polas xeracións que nos precederon, no que, xunto aos grandes logros que nos permiten dispoñer hoxe dun relativo benestar, tamén cabe atopar erros, fracasos e feitos dolorosos que é preciso afrontar e incorporar á nosa memoria colectiva para aprender a evitar situacións semellantes. Agora ben, concibir a historia como un proceso aberto, sempre en construción, no que a cidadanía escribe o seu propio destino, implica asumir unha responsabilidade cívica, comprometida cunha sociedade máis xusta, equitativa e solidaria.

Por outra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga o alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e do marco da historiografía, e ao coñecemento reflexivo das principais teorías e correntes académicas que se foron desenvolvendo no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como a busca e tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais. Por último, a utilización de datos, o contraste, contextualización e interpretación da información e o traballo directo coa narración histórica permiten entender a historia como un ámbito de coñecemento en construción, en continua revisión e cambio, e condicionado polos intereses que, desde o presente, marcan a relevancia de determinadas cuestións e formulacións. En todos estes procesos adquire un papel fundamental o exercicio do pensamento crítico, fundamentado e razoado, do mesmo xeito que a transferencia de información e do coñecemento elaborado que, ademais de supoñer o uso avanzado de medios dixitais, implica tamén o desenvolvemento de estratexias comunicativas eficaces.

Os diferentes obxectivos que conforman a materia diríxense ao logro dos fins xa enunciados, identificando as estratexias, ferramentas e procesos necesarios para introducir o alumnado no pensamento histórico e para abordar as claves e as grandes cuestións arredor das cales se configura o mundo contemporáneo. Trátanse nelas os temas e acontecementos fundamentais que marcaron o transcurso da historia contemporánea ata o mundo actual, así como os retos que é necesario afrontar no presente para encarar o século XXI. Así, ademais de habilidades e procedementos concretos, e referencias a determinados ámbitos de coñecemento asociados a cuestións e temas clave, os obxectivos refiren aqueles valores e actitudes que conforman a orientación práctica e funcional da materia e o compromiso social que esta quere promover.

Os criterios de avaliación conxugan os obxectivos cos contidos e están orientados ao logro dos obxectivos xerais do bacharelato. Neles incorpóranse todos os tipos de contidos, destrezas, actitudes e valores que deberán estimarse de maneira conxunta e equilibrada. Supoñen, deste modo, a adaptación de estratexias metodolóxicas e accións educativas nas que se exerciten tanto os procesos instrumentais coma as actitudes, aplicándose para iso os principios e pautas metodolóxicas do pensamento histórico na construción do coñecemento. Esta adaptación implica, polo tanto, a disposición de instrumentos de avaliación adecuados e diferenciados cos que ponderar un conxunto amplo e diverso de accións, tendo sempre en conta a diversidade e individualidade do alumnado.

A formulación e deseño desta materia responde a unha proposta de aprendizaxe xeral común ao desenvolvemento da materia de Xeografía e Historia na educación secundaria obrigatoria e da materia de Historia de España de segundo de bacharelato. Deste xeito, tanto os presupostos didácticos e a definición competencial coma a organización dos contidos manteñen unha redacción e estrutura estreitamente vinculada, o que permite concibir dun modo coherente a aprendizaxe da historia e das ciencias sociais, así como apreciar mellor o seu valor educativo.

Os criterios de avaliación e os contidos están agrupados en catro bloques: «Revolución e restauración. Capitalismo, nación e imperio», «Primeira Guerra Mundial. Período de Entreguerras. Segunda Guerra Mundial e Guerra Fría», «Desenvolvemento económico, poboación e identidades» e «Un mundo globalizado. Retos do mundo actual». A súa organización e redacción aséntanse arredor dos eixes e claves conceptuais que estruturan os obxectivos e teñen unha clara intencionalidade temática, aínda que manteñan unha certa disposición cronolóxica e un bloque específico dedicado ao mundo actual. Esta forma de organizar os contidos pretende promover non só a conexión do pasado co presente inmediato, para insistir así no carácter funcional e significativo das aprendizaxes, senón tamén o establecemento de marcos comparativos con respecto ao desenvolvemento de experiencias e procesos históricos determinados entre distintas etapas desta mesma época. Deste modo, acentúase o tipo de aproximación interpretativa e comprensiva da historia contemporánea que se pretende sen que por iso se descontextualicen os feitos e acontecementos concretos máis relevantes, que deben ser identificados e explicados desde os parámetros e variables que definen cada momento histórico e a aplicación do criterio de causalidade, esencial nesta disciplina. Polo demais, esta proposta de contidos debe permitir ao profesorado e ao equipo docente dos centros desenvolver as súas propias intencións e programacións educativas, incorporando proxectos interdisciplinarios que impliquen o traballo con outras materias.

Desde esta perspectiva competencial da materia, na que o exercicio de habilidades e procesos asociados ao pensamento histórico resulta ineludible dado o valor que se lle confire a esta disciplina para a análise da realidade, é recomendable tratar constantemente situacións actuais e establecer constantes inferencias entre o pasado e o presente. Ademais, a presenza dun bloque específico sobre os retos do mundo actual incide na necesidade de ver a historia como un instrumento non só para a análise do presente, senón tamén para a adopción de compromisos ante os retos do século XXI. Convén afastarse así de propostas de aprendizaxe excesivamente lineais nas que, por unha atención excesiva ás etapas máis afastadas, se pospoñan as cuestións máis próximas e de maior actualidade. En calquera caso, deberá procurarse que as aprendizaxes se conecten coa realidade próxima ao alumnado, relacionando os distintos contidos co conxunto de experiencias históricas que forman a memoria colectiva, o patrimonio e a contorna cultural, material e inmaterial da que aquel forma parte.

Xeografía (2.º de bacharelato)

42.1. Introducción

A Xeografía explora as complexas interaccións e interdependencias entre as persoas e o territorio, contribuíndo ao descubrimento do espazo no que viven, desde a referencia da contorna local a un contexto global, e serve tamén de guía para comprender unha realidade ecosocial en constante transformación e atopar o noso lugar no mundo, recoñecendo límites e buscando oportunidades ante os retos do século XXI.

O espazo xeográfico é o obxecto de estudo da xeografía, cuxa finalidade é a comprensión e explicación holística dos procesos naturais e humanos que van modelando ese territorio ao longo do tempo. Como ser con conciencia espazotemporal, as persoas precisan desa interpretación da realidade que as rodea, máis alá da percepción persoal e colectiva do territorio e do momento e estrutura social nos que se desenvolven as experiencias vitais. Nesta materia de bacharelato, a escala de análise xeográfica céntrase en España, con especial atención ao territorio galego, aínda que dentro dunha perspectiva europea e global, necesaria para coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo.

A comprensión das realidades próximas e globais é esencial para a construción da personalidade e identidade do alumnado, así como para comprender e respectar as identidades alleas. Ademais, debe constituír a base para exercer unha cidadanía crítica, desde os valores democráticos, o respecto polos dereitos fundamentais e o exercicio da responsabilidade cívica á hora de construír unha sociedade xusta e equitativa en sintonía cos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

A xeografía, pola súa natureza práctica, permite ao alumnado desenvolverse no uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación grazas ás funcionalidades das tecnoloxías da información xeográfica (TIX). As TIX, ademais de constituír un recurso básico para desenvolver investigacións individuais e en equipo, permiten formular o tratamento interdisciplinario do territorio e, como ferramenta de diagnóstico, presentar e comunicar eficientemente conclusións e propostas de mellora da contorna social do alumnado desde a súa análise crítica, fomentando a súa madurez e participación cívica. A aplicabilidade da materia de Xeografía convértea nunha disciplina clave da sociedade do coñecemento e do emprendemento social.

Nun contexto de constantes e profundas transformacións no global e no local, a materia de Xeografía debe achegar unha visión integral do medio natural e da sociedade de España, tratando de espertar a curiosidade innata a toda persoa e lograr o goce dos coñecementos xeográficos. Con tal fin, os obxectivos fundaméntanse nunha aprendizaxe baseada na investigación dos fenómenos naturais e humanos que se desenvolven no territorio. Estes fenómenos afectan a vida cotiá das sociedades actuais e representan, algúns deles, retos clave para afrontar o futuro, do mesmo xeito que, en ocasións, tamén constituíron desafíos no pasado. As respostas a estes retos ecosociais desde o pensamento xeográfico requiren da aplicación de saberes baseados no rigor científico, a mobilización de estratexias e o compromiso ético coa sustentabilidade e a solidariedade na resolución de problemas.

Por todo iso, o estudo da xeografía de España debe contribuír ao desenvolvemento persoal e á madurez do alumnado, conformando a súa identidade e fortalecendo a súa empatía ao asumir que vivimos nunha sociedade diversa e con desequilibrios sociais e territoriais que precisa dun desenvolvemento sustentable. Como persoas formadas e comprometidas coa contorna na que viven, o alumnado debe aplicar as aprendizaxes adquiridas para emprender accións individuais e colectivas que materialicen a súa capacidade de transformala desde criterios éticos baseados nos valores que compartimos.

A materia de Xeografía contribúe a alcanzar os obxectivos xerais da etapa de bacharelato e a adquisición das competencias clave, e permite o desenvolvemento do pensamento xeográfico do alumnado iniciado na etapa anterior coa materia de Xeografía e Historia. Ademais, promóvese o seu desenvolvemento en contextos interdisciplinarios e noutros próximos ás experiencias persoais, que deben aproveitarse para enriquecer o ambiente de aprendizaxe do alumnado, tanto de maneira individual coma grupal, conectando cos seus intereses e atendendo a necesidades específicas.

Os criterios de avaliación, derivados dos obxectivos da materia e asociados aos contidos propostos, fomentan a participación activa do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe, a investigación aplicada, tanto individualmente coma en equipo, a elaboración de creacións propias, contextualizadas e relevantes, e a comunicación eficiente en público. Todo isto desde a valoración crítica e ética do proceso de aprendizaxe e o compromiso coa transformación da súa contorna vital, desde o respecto aos dereitos humanos e ao principio de sustentabilidade.

Os criterios de avaliación e os contidos estrutúranse en catro bloques que deben tratarse desde as súas tres dimensións de coñecementos, destrezas e actitudes e valores. As transferencias entre estas tres dimensións e a imbricación dos catro bloques son primordiais para enfocar a materia dun modo práctico e fomentar o tratamento transversal destes.

O bloque «España, Europa e a globalización» agrupa os contidos necesarios para asumir a especificidade e diversidade de España e a súa situación nos contextos mundial e europeo, e valorar a importancia da súa pertenza á Unión Europea. O bloque «A sustentabilidade do medio físico de España» propón contidos que poñen en valor a diversidade do relevo, do clima, da vexetación, dos solos e da hidrografía de España. Finalmente, os dous últimos bloques, «España: a ordenación do territorio no enfoque ecosocial» e «España: a ordenación do territorio no enfoque económico», integran contidos sobre a análise xeográfica dos aproveitamentos dos recursos naturais, tratando as actividades económicas e a poboación como o principal factor transformador do territorio, afondando nas causas e consecuencias destes procesos e comparando os desequilibrios territoriais resultantes, introducindo a perspectiva da sustentabilidade e valorando o impacto das políticas comunitarias. É esencial subliñar o tratamento integrador que a xeografía dá aos fenómenos espaciais, lembrando que a síntese é un obxectivo irrenunciable do pensamento xeográfico, ao que deben contribuír o enfoque interdisciplinario e a dobre dimensión ecosocial.

A materia de Xeografía é aberta e flexible para que, tomando como eixe vertebrador os obxectivos e os contidos da materia, o profesorado poida adaptar as súas situacións de aprendizaxe a contextos de todo tipo, convertendo as posibles respostas aos retos ecosociais de España e do mundo nun incentivo para a aprendizaxe activa do alumnado, para o desenvolvemento do pensamento xeográfico e para a valoración da xeografía como saber aplicado. En definitiva, para promover a capacidade transformadora de todo saber desde a responsabilidade cívica baseada na autonomía persoal e o respecto ás persoas e ao medio ambiente no contexto actual de cambios e incertezas.

Historia da Arte (2.º de bacharelato)

21.1. Introducción

O obxecto da materia de Historia da Arte é a análise do feito artístico nas súas múltiples facetas e dimensións, non só desde unha perspectiva histórica, mediante a contextualización cultural e temporal de estilos, obras e artistas, senón entendéndoo como unha manifestación da intelixencia e da creatividade humana.

A Historia da Arte, materia coa que o alumnado tomou xa contacto na educación secundaria obrigatoria a través dos contidos de materias como Xeografía e Historia, Filosofía, Latín, Música e Educación Plástica, Visual e Audiovisual, está estreitamente vinculada co logro dos obxectivos de etapa e co desenvolvemento das competencias clave, especialmente no que compete ao cultivo da sensibilidade artística e ao desenvolvemento de criterios estéticos, entendidos ambos como aspectos esenciais da formación integral do alumnado e do seu enriquecemento cultural e persoal. Esta formación, en tanto que implica a comprensión da forma en que ideas e emocións se comunican de forma creativa a través de diversas manifestacións artísticas e culturais, relaciónase directamente coa competencia en conciencia e expresión culturais. Dun modo máis indirecto, a aprendizaxe da Historia da Arte contribúe ao logro da madurez intelectual e emocional do alumnado, proporcionándolle o coñecemento de códigos e linguaxes e promovendo o desenvolvemento do seu propio xuízo e criterio estético. Ademais, a

contribución desta materia ás competencias e obxectivos mencionados ha de procurar o coñecemento das realidades do mundo contemporáneo e do seu significado estético e a adopción dunha actitude construtiva con respecto á interpretación, protección e mellora do patrimonio cultural.

A materia está estruturada arredor de tres eixes fundamentais: a análise, a comprensión histórica e a apreciación crítica das principais manifestacións artísticas, e das súas relacións co resto de dimensións e aspectos da cultura e da experiencia humana; a incorporación da perspectiva de xénero e, por iso, entre outros aspectos, da visibilización das mulleres creadoras habitualmente excluídas do canon dominante; e a educación para a preservación, mellora e uso sustentable do patrimonio histórico-artístico, entendido como elemento de desenvolvemento económico, social, ambiental e cultural.

Os obxectivos da materia inclúen aspectos sobre o recoñecemento, estudo e análise da diversidade de manifestacións artísticas, o emprego básico das linguaxes artísticas e do vocabulario da disciplina, a identificación das diversas funcións atribuíbles á produción artística, así como a súa maior ou menor vinculación con diferentes movementos, xéneros, estilos, épocas e artistas, a diferenciación de cambios estéticos nas representacións do ser humano, a comprensión contextualizada das creacións culturais como reflexo da sociedade que as xerou, o coñecemento e protección do patrimonio histórico-artístico local, nacional e internacional, e a xa citada incorporación da perspectiva de xénero ao estudo histórico da arte.

En canto aos criterios de avaliación, estes están deseñados para comprobar o grao de consecución dos obxectivos da materia e, en conexión cos contidos, están orientados ao logro dos obxectivos do bacharelato e das competencias clave. Intégranse as pautas metodolóxicas propias da Historia da Arte. Estes criterios supoñen, tamén, o deseño de instrumentos múltiples e diferentes cos que valorar as accións que delimitan as competencias tendo en conta a diversidade e individualidade do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos agrúpanse, á súa vez, en catro bloques. Así, organizáronse por criterios temáticos, sen ser un obstáculo para que sexa posible realizar unha aproximación a eles seguindo unha orde cronolóxica. No primeiro bloque, «Aproximación á Historia da Arte», afóntase o problema da definición do obxecto de estudo artístico e a súa evolución no tempo, a linguaxe artística como forma de expresión e comunicación, o reto da interpretación e o xuízo estético, o vocabulario e a terminoloxía específicos que o alumnado debe saber utilizar, así como as técnicas do comentario histórico-artístico. O traballo con respecto a estes contidos ha de desenvolverse ao longo de todo o curso, pois constitúen elementos esenciais da disciplina.

No segundo bloque, «A arte e as súas funcións ao longo da historia: da antigüidade á modernidade», trátanse as funcións e significados da actividade artística ao longo do tempo. Esta actividade, e as obras de arte debidas a ela, constitúen un valioso documento para coñecer as culturas que caracterizaron as distintas sociedades humanas ao longo de distintas épocas. É por iso polo que resulta imprescindible o estudo da obra de arte no seu contexto. Preténdese que o alumnado comprenda a relación entre a actividade artística e os fenómenos políticos, sociais, económicos e ideolóxicos. Abordarase, cando proceda, o carácter subxectivo do autor e o problema do carácter autónomo da obra de arte.

No terceiro bloque, «A arte e as súas funcións na contemporaneidade», ademais do establecido no bloque anterior, analízase o papel da arte como expresión da identidade individual e colectiva e dos sentimentos de pertenza. Trátase aquí de identificar e comprender todos aqueles elementos visuais, icónicos e simbólicos que, presentes en todas as culturas, definen a identidade individual e colectiva. Ademais, examínase criticamente a participación das mulleres e outórgase visibilidade ás artistas que estiveron marxinadas dun canon tradicionalmente concibido desde unha perspectiva androcéntrica.

Por último, no cuarto e último bloque, «Realidade, espazo e territorio na arte», reflexiónase sobre a concepción da arte como representación e reflexo da realidade. Abórdanse contidos relacionados coa creación do espazo arquitectónico, o urbanismo e a relación da arte e do patrimonio artístico coa natureza e co desenvolvemento sustentable.

Finalmente, convén subliñar que o enfoque competencial do bacharelato e da Historia da Arte posibilita deseñar situacións e contextos de aprendizaxe máis activos, nos que dotar de maior protagonismo o alumnado e promover o traballo en equipo, os procesos de indagación e investigación, a creatividade e a transferencia do coñecemento adquirido. As propostas didácticas

incluirán metodoloxías en que se apliquen, entre outros aspectos, a análise e a valoración argumentada, así como o uso crítico e ético da información.

Historia de España (2.º de bacharelato)

24.1. Introducción

A materia de Historia de España introduce o alumnado na perspectiva do pensamento histórico, indispensable para a observación, interpretación e comprensión da realidade na que vive. Atender aos principais retos e problemas aos que se enfronta no século XXI resulta esencial para o exercicio da súa madurez intelectual e persoal, ao situalo ante os desafíos sociais do presente para orientar a súa actuación con coñecemento e responsabilidade. A análise do pasado constitúe unha referencia imprescindible para entender o mundo actual. Ademais, conforma un rico legado que o alumnado debe saber apreciar, conservar e transmitir, como legado das distintas xeracións que nos antecederon. Deste xeito, ao estudar os acontecementos vividos por outros, as dificultades ás que tiveron que facer fronte e as decisións que adoptaron, o alumnado ten a oportunidade de coñecer os factores estruturais, institucionais e conxunturais que condicionan a actuación humana, e o papel que cobran na historia determinados elementos como a organización do territorio, a articulación das relacións económicas, as crenzas e o desenvolvemento das ideas. Tamén aprende a valorar e comprender a evolución social ata chegar ao actual estado constitucional no que se fundamenta a nosa convivencia democrática.

A aproximación á metodoloxía histórica, ao uso rigoroso e crítico das fontes, aos marcos conceptuais propios e doutras disciplinas afíns, ás narrativas que constrúen e á propia historiografía introduce o alumnado nun coñecemento do pasado baseado no rigor propio da disciplina histórica. Á súa vez, hase de facilitar o exercicio de procesos indutivos e de indagación, relacionados con estratexias asociadas á utilización de fontes, á busca e tratamento da información, ao acceso a documentos de distinta natureza en plataformas dixitais, e ao seu contraste, contextualización e interpretación, o que lle permitirá entender a historia como un ámbito de coñecemento en construción, en constante revisión e cambio. Trátase de transmitir unha concepción dinámica condicionada polos asuntos que suscitan interese na comunidade académica e tamén, dunha maneira moi directa, polos que a sociedade considera relevantes. De aí que a materia de Historia de España adquire un papel fundamental para o exercicio do espírito crítico, fundamentado e razoado, para previr a desinformación e permitir exercer con liberdade o conxunto de valores cívicos que enmarca a nosa Constitución. Todo isto desde unha concepción activa da cidadanía, na que o alumnado se sinta parte implicada da contorna na que vive, colaborando na súa mellora e contribuíndo, desde as súas posibilidades, a unha sociedade máis xusta, equitativa e cohesionada.

Os obxectivos da materia estruturáronse arredor dos vectores que veñen constituíndo os principais centros de interese no presente, que definen as estratexias para aprender do pasado e que resultan relevantes para orientar o noso porvir. Preténdese con isto destacar o valor funcional e significativo da aprendizaxe da Historia de España e dos saberes que esta materia ofrece, dotándoos dun sentido práctico e relacionándoos coa contorna real do alumnado.

A liberdade é o primeiro deses eixes vertebradores, que ofrece unha perspectiva nada lineal que atravesa toda a época contemporánea ata os nosos días, recollendo a xénese e traxectoria do noso Estado liberal ata a Constitución de 1978 e os retos actuais e futuros aos que se ve enfrontada a nosa democracia. As identidades nacionais e rexionais proxéctanse máis atrás no tempo, como as crenzas e as ideoloxías, que tanta transcendencia teñen e tiveron ao longo da historia, conectan procesos históricos diversos e resultan esenciais para destacar, antes que o que nos separa e diferencia, os elementos que nos unen a fin de favorecer o diálogo e a convivencia. O progreso e o crecemento económico, desde a perspectiva da cohesión territorial, así como a visión da diversidade social ou da igualdade de xénero ao longo do tempo, convertéronse tamén en campos fundamentais para o estudo da historia e a análise do presente. O marco comparativo coa historia doutros países do mundo occidental, as relacións internacionais e a conexión do territorio español cos grandes procesos históricos constitúen igualmente un vector imprescindible para a interpretación da evolución e desenvolvemento do noso país, destacando aquelas etapas históricas nas que as súas institucións, colectivos e individuos destacados tiveron un especial protagonismo. Finalmente, outro dos obxectivos, de carácter transversal, subliña a expresión práctica e metodolóxica do pensamento histórico e da aprendizaxe activa que debe levar a cabo o alumnado.

Os criterios de avaliación conxugan os obxectivos da materia cos contidos e van orientados ao logro dos obxectivos do bacharelato e das competencias clave. Supoñen, polo tanto, unha adaptación das metodoloxías e accións educativas para este tipo de aprendizaxe por parte do alumnado, utilizando estratexias nas que este poida exercitar tanto os procesos instrumentais coma as actitudes, utilizando as bases metodolóxicas do pensamento histórico na construción do coñecemento. Todo isto implica dispoñer de novos instrumentos para valorar un conxunto amplo e diverso de accións tendo en conta a diversidade e individualidade do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos agrúpanse en catro bloques: «Sociedades no tempo. O proceso de construción nacional en España», «O camiño cara á contemporaneidade. Das revolucións liberais ao tardofranquismo», «O modelo de desenvolvemento económico español: pautas, ritmos e ciclos de crecemento» e «Retos do mundo actual». Segue similar arquitectura que na materia de Historia do Mundo Contemporáneo de primeiro de bacharelato, o que confire continuidade e coherencia aos principios que guían e orientan estas materias. Na súa organización optouse pola presentación cronolóxica, coa que o profesorado e o alumnado se atopan máis familiarizados, pero na súa propia definición e articulación pode observarse unha intención temática, incidindo naqueles aspectos ou elementos que resultan máis relevantes de cada época histórica. Relaciónanse os contidos da España contemporánea e actual, que contan con maior presenza, cos das etapas históricas anteriores. Preténdese incidir con isto no carácter funcional das aprendizaxes e na conexión do pasado máis afastado coas épocas máis recentes. En calquera caso, os feitos e acontecementos deben formularse contextualizados no seu momento histórico, caracterizando debidamente cada etapa da historia e situándoa adecuadamente na liña do tempo, evitando así unha visión presentista.

O enfoque competencial do bacharelato e da Historia de España abre novas oportunidades e posibilidades para crear escenarios de aprendizaxe máis activos, nos que dotar de maior protagonismo o alumnado, que permitan o traballo en equipo, os procesos de indagación e investigación, a creatividade e a transferencia do coñecemento adquirido.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os **criterios de valoración** publicados para os últimos procesos selectivos que afectan á presentación e defensa da programación didáctica (PD), e á preparación e exposición oral dunha unidade didáctica (UD) foron os seguintes:

Programación didáctica

A. Contextualización da programación didáctica. Ata 0,5 puntos

- *A xustificación é completa, define o contexto no que se enmarca a PD recollendo as características propias do centro, do alumnado e da área que teñen relevancia no proceso de ensino e de aprendizaxe.*
- *Nomea outros factores relevantes que inflúen no ensino desa área/materia e o nivel educativo para o cal se programa.*

B. Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Ata 0,75 puntos

- *Xustifica os distintos elementos curriculares que integran a PD e deixa clara a súa vinculación.*
- *Concreta a importancia que ten cada un dos obxectivos da área/materia para o curso para o cal se programa, exemplificando a súa relación cos contidos e os criterios de avaliación da área/materia.*
- *Xustifica e concreta as relacións que se establecen entre os obxectivos da área e as competencias clave, a través dos descritores operativos que conforman o perfil de saída para a área/materia para a que se programa.*

C. Relación de unidades didácticas, temporalización e secuenciación. Ata 0,75 puntos

- *Xustifica a temporalización das UD, diferenciando entre UD secuenciais e/ou transversais, tendo en conta o calendario escolar e o número de sesións semanais da área/materia.*
- *Establece unha secuencia lóxica das UD ao longo do curso; estas parten do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas, das características do centro, dos coñecementos, destrezas e actitudes propias da área/materia e as situacións de aprendizaxe propostas desenvolven actividades competenciais relacionadas coa vida real.*

D. Metodoloxía. Ata 1 punto

- *A metodoloxía é concreta, coherente e ten en conta as liñas de actuación recollidas nas orientacións pedagóxicas do currículo e os principios metodolóxicos, así como o contexto e as características do alumnado.*
- *Concreta e xustifica as diferentes estratexias/técnicas/métodos de aprendizaxe, tipos de agrupamento, as formas de organización do espazo e dos tempos, que utilizará ao longo do curso.*
- *Os materiais e recursos didácticos utilizados son variados e adecuados, tendo en conta o contexto do centro educativo e as características do alumnado.*

E. Avaliación. Ata 1 punto

- *Realiza unha avaliación inicial especificando o tipo de información que se desexa obter de cada alumno/a, as técnicas e instrumentos utilizados, así como os momentos e as accións que se desenvolverán co alumnado que se incorpore ao longo do curso.*
- *Emprega instrumentos de avaliación variados, acordes aos criterios de avaliación e ás características do alumnado.*

- *Establece os mínimos de consecución en función dos criterios de avaliación e a súa redacción é precisa, clara e parte do criterio de avaliación e do/dos contido/s de referencia.*
- *Os criterios de avaliación das UD son coherentes e equilibrados cos contidos seleccionados para cada UD e o peso asignado a cada criterio dentro de cada UD é coherente coa cualificación final da UD.*
- *Xustifica de maneira clara os criterios de cualificación que o docente emprega para construír a cualificación dun/dunha alumno/a, tanto das distintas UD coma das avaliacións parciais e da avaliación final.*
- *Establece uns criterios de recuperación concretos para o alumnado que obtivo cualificacións negativas ao longo do curso.*

F. Medidas de atención á diversidade. Ata 1 punto

- *Concreta, de forma clara e concisa, as estratexias do deseño universal da aprendizaxe que se aplicarán na aula, xustificando medidas ordinarias de atención á diversidade para dar resposta ás diferentes características, intereses e motivacións de todo o alumnado, e tendo en conta as características e os recursos do centro.*
- *Xustifica medidas extraordinarias para atender as necesidades do alumnado NEAE, utilizando distintos recursos e xustificando a intervención educativa, seguindo o establecido nos distintos protocolos de atención á diversidade.*
- *Establece medidas para a atención educativa virtual ao alumnado que presenta dificultades para asistir ao centro.*

G. Transversal. Ata 0,5 puntos

- *Concreta e xustifica como se van traballar os distintos elementos transversais en relación co contexto, coas características do alumnado e cos contidos traballados nas distintas unidades didácticas.*
- *Concreta a realización de actividades complementarias (en horario lectivo ou que abarcan parte del) como complemento ao aprendido e para facilitar as aprendizaxes do alumnado, xustificándoas cos elementos curriculares e indicando o seu carácter diferenciado polo momento, espazo e recursos que utiliza.*

H. Práctica docente. Ata 0,5 puntos

- *Concreta e xustifica o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, así como o procedemento de seguimento e avaliación da propia programación didáctica, especificando indicadores de logro medibles e realistas.*
- *Indica os instrumentos de avaliación empregados para medir os indicadores, a periodicidade da súa aplicación, así como as aplicacións informáticas que emprega no procedemento.*
- *Concreta e xustifica a posta en común co resto do profesorado, reflectindo o grao de cumprimento respecto ao planificado, de cara a valorar as propostas de modificación e/ou de mellora.*

I. Outros aspectos que valorar. Ata 4 puntos

Comunicación:

- *Claridade expositiva.*
- *Fluidez.*
- *Intensidade e prosodia utilizadas no discurso.*
- *Dominio e credibilidade transmitida.*

- *Orixinalidade e carácter innovador da exposición.*

Organización:

- *Grao de interiorización da programación didáctica.*
- *Estrutura e control do tempo.*

Xustificación:

- *Propostas innovadoras relacionadas directamente coa área/materia e as novas tendencias actuais do sistema educativo.*
- *Utilización da normativa como soporte das explicacións e non como unha mera enumeración.*

Documento da PD:

- *A programación contén os elementos recollidos na normativa.*
- *Emprégase unha linguaxe inclusiva ao longo de todo o documento e a normativa mencionada ao longo do documento está en vigor.*
- *A redacción do documento presenta unha terminoloxía adecuada, respectando as normas ortográficas e gramaticais.*
- *A presentación do documento é orixinal.*

Unidade didáctica

A. Xustificación e contexto da UD. Ata 0,5 puntos

- *A xustificación é completa, establece unha temporalización coherente co resto de UD do curso e co calendario escolar, e ten en conta a realidade do centro, facendo fincapé nas características do centro e do alumnado.*

B. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave traballados na UD. Ata 1 punto

- *Os contidos e criterios de avaliación están adaptados ao curso, son coherentes entre si, define os mínimos de consecución e establece un peso específico para cada criterio de avaliación.*
- *Xustifica o perfil de saída en relación cos obxectivos de área/materia da UD en relación cos descritores operativos das competencias clave.*

C. Situacións de aprendizaxe. Ata 1,5 puntos

- *As situacións de aprendizaxe son apropiadas ao currículo do curso, ás características do centro e parten do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.*
- *As actividades seguen unha secuencia lóxica no tempo, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.*
- *Propón actividades competenciais relacionadas coa vida real e relacionadas co tratamento dos elementos transversais.*
- *Contempla actividades adaptadas para o alumnado que presenta NEAE.*

D. Metodoloxía, recursos e materiais didácticos empregados. Ata 1 punto

- *A metodoloxía é clara e coherente co logro das competencias clave, especificando diferentes estratexias de aprendizaxe, distintos tipos de agrupamentos e as formas de organización do espazo e dos tempos en función dos distintos estilos de aprendizaxe do alumnado, con modificacións concretas para o alumnado que presenta NEAE.*
- *Os materiais e recursos didácticos utilizados son variados e adecuados tendo en conta o contexto do centro educativo, a biblioteca como recurso didáctico e a utilización de materiais e recursos dixitais.*

E. Medidas de atención á diversidade. Ata 1 punto

- *As medidas de atención á diversidade teñen en conta o cambio de paradigma do «non é capaz» ao «é capaz».*
- *Establece medidas de atención á diversidade (diferenciando entre ordinarias e extraordinarias) acordes ás necesidades do alumnado que presenta NEAE, utilizando distintos materiais e recursos, adecuando o espazo e os tempos, así como a organización da aula.*
- *Emprega pautas concretas para o alumnado NEAE a partir dos distintos protocolos de atención á diversidade.*
- *Establece uns criterios de recuperación concretos para o alumnado que obtivo cualificacións negativas ao longo do curso.*

F. Avaliación do proceso de aprendizaxe: instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Ata 1 punto

- *Xustifica e explica os diferentes instrumentos de avaliación.*
- *Estes son coherentes cos criterios de avaliación e os mínimos de consecución, e están adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.*
- *Emprega instrumentos de avaliación adaptados ao alumnado que presenta NEAE.*
- *Xustifica de maneira clara como se obtén a nota da unidade en función dos pesos asignados a cada criterio de avaliación.*
- *Contempla medidas de recuperación/reforzo en función dos resultados académicos alcanzados polo alumnado.*

G. Debate. Ata 1 punto

- *Preguntas do tribunal: responde con solvencia e rigor.*

H. Outros aspectos que valorar. Ata 3 puntos

Comunicación:

- *Claridade expositiva.*
- *Fluidez.*
- *Intensidade e prosodia utilizadas no discurso.*
- *Dominio e credibilidade transmitida.*
- *Orixinalidade e carácter innovador da exposición.*

Organización:

- *Grao de interiorización da UD.*
- *Estrutura e control do tempo.*

- *Utilización do esquema/guión como soporte da exposición.*
- *Utilización de materiais e recursos achegados, especialmente de elaboración propia.*

Xustificación:

- *Propostas innovadoras en relación coas novas tendencias actuais do sistema educativo.*
- *Propostas innovadoras relacionadas directamente coa área/materia.*
- *Xustificación teórica e adecuación á normativa en vigor.*
- *Utilización da normativa como soporte das explicacións e non como unha mera enumeración.*

EXPLICACIÓN PARA ELABORAR O ÍNDICE

O **índice** é a primeira referencia que teñen os tribunais para verificar que o teu traballo didáctico inclúe todos os elementos esixidos na convocatoria, polo que debe reflectir de forma clara e ordenada os apartados que o conforman, así como a páxina na que se atopan. É importante que teñas en conta que existen múltiples modelos e exemplos válidos. A estrutura concreta do índice que elabores dependerá do enfoque didáctico do teu traballo. De feito, recomendámosche que deseñes o teu propio índice atendendo á lóxica interna da túa proposta educativa, garantindo sempre a coherencia entre os diferentes apartados e a adecuada articulación dos elementos curriculares.

Agora proporcionámosche unha explicación detallada para elaborar o índice dunha programación didáctica e dunha unidade didáctica con todos os seus elementos.

■ PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Para elaborar o índice da túa **programación didáctica** debes ter en conta as indicacións do currículo vixente, a convocatoria de oposicións e os criterios de valoración publicados.

Na normativa, o artigo 16 do DECRETO 156/2022 e o artigo 17 do DECRETO 157/2022 para a ESO e o bacharelato respectivamente, sinalan os elementos mínimos que deben incluír as programacións didácticas, as cales deben estar secuenciadas e temporalizadas en unidades didácticas. Desde a Consellería de Educación publicouse un manual de axuda para a elaboración das programacións didácticas que resulta de moita utilidade para elaborar o teu traballo didáctico; está dispoñible entre a normativa de Galicia na plataforma *e-learning*.

Ademais, a última convocatoria de oposicións pediu a presentación dunha programación didáctica na que debían especificarse os obxectivos, as competencias, os contidos, a metodoloxía didáctica, os criterios de avaliación, así como a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. A programación didáctica debe estar organizada e secuenciada nun mínimo de quince unidades didácticas. Estas son as características relacionadas co formato da programación didáctica que establece a convocatoria:

Unha programación para un curso escolar deberá conter, como mínimo, 15 unidades didácticas, que deberán estar numeradas, e terá, sen incluír anexos, unha extensión máxima de 60 páxinas, formato DIN-A4, escritas a unha soa cara e dobre espazo interlineal (a excepción das táboas, nas que non será preciso respectar o espazo interlineal), con letra tipo Arial, sen comprimir, tamaño de 12 puntos. Na extensión máxima de 60 folios non se computará a portada nin a contraportada. Si se computará o índice.

Por outra parte, nos últimos criterios de valoración publicados valorábase a secuenciación e temporalización da programación didáctica presentada en unidades didácticas, así como a presenza duns elementos determinados.

En consecuencia, no índice da túa programación didáctica tes que incluír todos os elementos que se indican na normativa, na convocatoria de oposicións e nos criterios de valoración publicados, secuenciando a túa programación didáctica en unidades didácticas.

■ UNIDADE DIDÁCTICA

Para elaborar o índice dunha **unidade didáctica** debes ter en conta a convocatoria de oposicións e os criterios de valoración publicados para os procesos selectivos.

A última convocatoria de oposicións pediu a preparación e exposición oral dunha unidade didáctica na que debían concretarse, polo menos, os obxectivos de aprendizaxe, os contidos, as actividades de ensino e aprendizaxe, así como os seus procedementos de avaliación.

Finalmente, nos últimos criterios de valoración publicados valorábase a preparación e exposición oral dunha unidade didáctica moi concreta e completa que constituirá o referente das túas unidades didácticas desenvolvidas.

En consecuencia, no índice da túa unidade didáctica tes que incluír todos os elementos que se indican na convocatoria de oposicións e nos criterios de valoración de maneira coherente.

EXEMPLO DE ÍNDICE DUNHA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA¹

1. XUSTIFICACIÓN

2. CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

3. OBXECTIVOS DA MATERIA E CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE

- 3.1. Obxectivos da etapa e obxectivos da materia relacionados
- 3.2. Relación entre obxectivos da materia e competencias clave (descriptores)
- 3.3. Estratexias para o desenvolvemento das competencias clave

4. CONTIDOS

5. METODOLOXÍA

- 5.1. Orientacións pedagóxicas e principios metodolóxicos
- 5.2. Estratexias, técnicas e métodos de aprendizaxe
- 5.3. Tipos de agrupamentos e formas de organización do espazo e do tempo
- 5.4. Materiais e recursos didácticos
- 5.5. Actividades complementarias
- 5.6. Interdisciplinariedade e implicación das familias

6. SITUACIÓNS DE APRENDIZAXE

7. TRANSVERSAL

- 7.1. Concreción e xustificación dos elementos transversais
- 7.2. Obxectivos de desenvolvemento sustentable e retos do século XXI

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- 8.1. DUA: inclusividade
- 8.2. Tipos de medidas

9. AVALIACIÓN

- 9.1. Procedemento para a avaliación inicial, continua e final

¹ Exemplo de índice dunha programación didáctica da materia de Historia do Mundo Contemporáneo en 1.º de bacharelato axustado ao formato da última convocatoria de oposicións.

9.2. Criterios de avaliación**9.3. Técnicas, instrumentos, ferramentas e axentes da avaliación****9.4. Criterios de cualificación e mínimos de consecución****9.5. Seguimento, criterios de recuperación e mecanismos de reforzo****10. RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS, TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN****10.1. Relación de unidades didácticas**

UD01. O fin dunha “era”: a caída do Antigo Réxime

UD02. Revolución francesa e independencia americana

UD03. Revolución industrial e industrialización

UD04. Movementos sociais do século XIX

UD05. Movementos políticos do século XIX

UD06. Colonialismo e imperialismo

UD07. Primeira Guerra Mundial

UD08. A depresión económica de 1929

UD09. Os totalitarismos dos anos trinta

UD10. Segunda Guerra Mundial

UD11. A política de bloques

UD12. A descolonización

UD13. A formación da Unión Europea

UD14. Xeopolítica internacional

UD15. Os desafíos do mundo actual

UD16. Arte e cultura da época contemporánea

11. PRÁCTICA DOCENTE**12. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA****13. ANEXOS**

EXEMPLO DE ÍNDICE DUNHA UNIDADE DIDÁCTICA²

1. XUSTIFICACIÓN

2. CONTEXTO

2.1. Adecuación ao marco normativo

2.2. Características do centro e do alumnado

3. OBXECTIVOS, CONTIDOS E COMPETENCIAS CLAVE

3.1. Obxectivos de aprendizaxe e obxectivos da materia

3.2. Competencias clave (descriptores operativos)

3.3. Contidos

4. METODOLOXÍA, RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

4.1. Aplicación dos principios do deseño universal para a aprendizaxe

4.2. Métodos, técnicas e estratexias de aprendizaxe

4.3. Tipos de agrupamentos e formas de organización dos espazos e do tempo

4.4. Materiais e recursos didácticos e dixitais

4.5. Interdisciplinariedade e implicación das familias

5. SITUACIÓNS DE APRENDIZAXE

6. TRANSVERSAL

6.1. Elementos transversais

6.2. Obxectivos de desenvolvemento sustentable e retos do século XXI

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

7.1. DUA (inclusividade)

7.2. Tipos de medidas

7.3. Actividades de recuperación, reforzo, ampliación e profundación

² Exemplo de índice dunha unidade didáctica desenvolvida da materia de Historia do Mundo Contemporáneo en 1.º de bacharelato seguindo os elementos establecidos na última convocatoria e os criterios de valoración publicados.

8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE

- 8.1. Criterios de avaliación
- 8.2. Técnicas, instrumentos e ferramentas de avaliación
- 8.3. Criterios de cualificación e mínimos de consecución
- 8.4. Criterios de recuperación e medidas de reforzo
- 8.5. Pautas para avaliar o alumnado con necesidades educativas
- 8.6. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

9. SECUENCIA DIDÁCTICA

- 9.1. Tipoloxía das actividades
- 9.2. Temporalización das actividades

10. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

EXPLICACIÓN PARA ELABORAR A INTRODUCCIÓN

A **introdución** ten como finalidade presentar e xustificar a túa proposta educativa, ofrecendo unha visión xeral que permita comprender o enfoque, o sentido e a intención pedagóxica da materia na que se inscribe. Existen diversas formas de enfocar a introdución; o habitual é que se inclúa unha breve presentación e xustificación da túa proposta educativa en relación co currículo vixente e a finalidade da aprendizaxe proposta para o alumnado.

Agora proporcionámosche unha explicación detallada para elaborar a introdución dunha programación didáctica e dunha unidade didáctica.

■ PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Para elaborar a introdución da túa **programación didáctica** debes ter en conta as indicacións do currículo vixente, a convocatoria e os criterios de valoración publicados.

Na normativa, o artigo 16 do DECRETO 156/2022 e o artigo 17 do DECRETO 157/2022 para a ESO e o bacharelato respectivamente, sinalan os elementos mínimos que deben incluír as programacións didácticas, entre os que se atopa un apartado a modo de introdución no que debes explicar as características da materia que teñen relevancia no proceso de ensino e aprendizaxe que propós e outros factores que consideres relevantes como o sentido, a importancia e as intencións educativas da planificación do currículo ao longo do curso.

Aínda que na última convocatoria de oposicións non se indica claramente que a PD deba contemplar un apartado a modo de introdución, é importante identificar brevemente as características xerais da materia, o papel que desempeña na formación do alumnado e a súa finalidade.

Finalmente, nos últimos criterios de valoración publicados valórase a presenza dunha xustificación completa na que se describan as características propias da materia que teñen relevancia no proceso de ensino e de aprendizaxe, así como outros factores relevantes que inflúen no ensino da propia materia e o nivel educativo para o cal programas.

En consecuencia, estes serían os **ítems** fundamentais que desenvolver na introdución da túa programación didáctica:

- ✓ Presentación da programación didáctica, o curso escolar e a etapa educativa e nivel en que se enmarca o teu traballo didáctico.
- ✓ Presentación da materia, tendo en conta a percepción do currículo vixente. Trátase dunha interpretación persoal das características e da importancia da materia que se describe no propio currículo.
- ✓ Xustificación social e pedagóxica da materia, é dicir, o sentido, a importancia, a finalidade e a intención educativa na formación do alumnado, así como o papel que a materia desempeña na sociedade actual e futura.

■ UNIDADE DIDÁCTICA

Para elaborar a introdución dunha **unidade didáctica** debes ter en conta a convocatoria de oposicións e os criterios de valoración publicados.

A última convocatoria de oposicións sinalaba os elementos mínimos que debían concretarse na unidade didáctica. Aínda que non di nada con respecto á introdución, é aconsellable presentar e xustificar o contido e a importancia da unidade didáctica para a formación do alumnado.

Nos últimos criterios de valoración publicados valorábase a presenza dunha xustificación completa da unidade didáctica, establecendo unha temporalización coherente co resto das unidades didácticas do curso e co calendario escolar.

En principio, estes serían os **ítems** fundamentais que desenvolver na introdución da túa unidade didáctica:

- ✓ Título da unidade didáctica, coherente coa temática que aborda e a súa xustificación.
- ✓ Vinculación da unidade didáctica coa programación didáctica da materia á que pertence e temporalización coherente co resto das unidades didácticas do curso e o calendario escolar.
- ✓ Xustificación da importancia da unidade didáctica na aprendizaxe do alumnado desde un punto de vista social e pedagóxico (que lle achega).

EXEMPLO DE INTRODUCCIÓN DUNHA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA³

1. XUSTIFICACIÓN

Esta **programación didáctica (PD)** formúlase para a materia de Historia do Mundo Contemporáneo en 1.º de bacharelato na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais. Para comprender o papel que desempeña a materia no currículo imos responder a tres cuestións fundamentais que nos permiten xustificar a súa importancia na formación do alumnado.

¿Cal é o sentido e a finalidade da materia? A súa principal función é proporcionar ao alumnado unha comprensión rigorosa e funcional da historia recente, enfocada a observar, analizar e interpretar a realidade da súa contorna. Pretende fomentar unha cidadanía activa e implicada na vida social como unha ferramenta para comprender o presente e prever o futuro, a través da observación da realidade actual e da interpretación do pasado recente. De feito, a materia orientase cara ao desenvolvemento da conciencia cívica, promovendo valores democráticos, respecto ás diferenzas, solidariedade, convivencia, responsabilidade e diálogo.

¿Cal é a importancia da materia? Radica na súa capacidade para abordar os problemas e retos que presenta a realidade actual globalizada. A historia contemporánea, ao analizar os últimos dous séculos, ofrece recursos esenciais para entender e enfrontar estes desafíos. A través dos contidos propios da materia, o alumnado toma conciencia do legado histórico que herda, incluíndo tanto logros significativos coma erros do pasado. Esta comprensión histórica é fundamental para evitar a repetición de situacións negativas e aprender das experiencias acumuladas. Ademais, a materia subliña a importancia de asumir unha responsabilidade cívica na construción dunha sociedade máis xusta, equitativa e solidaria.

¿Que achega a materia ao alumnado? Son múltiples os beneficios que achega ao alumnado a materia de Historia do Mundo Contemporáneo, entre os cales cabe destacar o

³ Exemplo de introdución dunha programación didáctica da materia de Historia do Mundo Contemporáneo en 1.º de bacharelato axustada ao formato da última convocatoria de oposicións.

desenvolvemento de habilidades analíticas e críticas, a conciencia cívica e os valores democráticos, a comprensión do presente e a previsión do futuro, a responsabilidade cívica e o compromiso social, así como a conexión coa realidade actual globalizada.

EXEMPLO DE INTRODUCCIÓN DUNHA UNIDADE DIDÁCTICA⁴

TÍTULO: REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E INDUSTRIALIZACIÓN

1. XUSTIFICACIÓN

Para o desenvolvemento desta unidade didáctica (UD) dispónse dun total de 9 sesións de clase no primeiro trimestre, no mes de novembro. Corresponde á unidade número 3 da programación didáctica da materia de **Historia do Mundo Contemporáneo en 1.º de bacharelato** e constitúe unha peza clave na comprensión dos procesos de transformación estrutural que configuran o tránsito cara á contemporaneidade. Sitúase a continuación da unidade dedicada ás revolucións atlánticas -centrada na independencia dos Estados Unidos e na Revolución Francesa-, coas que comparte a condición de proceso fundacional do mundo contemporáneo. Ao mesmo tempo, prepara o alumnado para abordar o estudo dos movementos sociais e políticos que marcarán o século XIX europeo na seguinte unidade, os cales non poden comprenderse sen atender previamente ás transformacións que introduce a Revolución Industrial.

Entendemos por **Revolución Industrial** o conxunto de modificacións na estrutura económica dos países occidentais que se produciu desde mediados do século XVIII ata finais do XIX. Caracterizouse, principalmente, pola expansión dunha industria que incorporou o maquinismo; polo desenvolvemento do capitalismo; polas transformacións demográficas; polos cambios na produción agrícola, e pola mellora do sistema de transportes. O nacemento do capitalismo facilitou a aparición e o desenvolvemento de técnicas de produción modernas durante a Revolución Industrial, debido ao establecemento dun sistema económico que fomentaba a busca constante dos beneficios económicos con reinvestimentos de capital, feito que trouxo consigo importantes consecuencias a todos os niveis.

⁴ Exemplo de introdución dunha unidade didáctica desenvolvida da materia de Historia do Mundo Contemporáneo en 1.º de bacharelato seguindo os elementos establecidos na última convocatoria de oposicións e os criterios de valoración publicados.

A **importancia** da UD reside en que permite ao alumnado comprender e achegarse a unha das transformacións máis importantes da historia da humanidade, a industrialización, que trouxo consigo un gran impacto tanto na organización económica coma na composición da sociedade occidental, modificando tamén a organización política mundial ao contribuír á creación dun mundo polarizado entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos, metrópoles e colonias; cuxas manifestacións na actualidade son sociedades ricas moi desenvolvidas, pero tamén evidentes desigualdades e a degradación do medio ambiente. Tamén permite ao alumnado coñecer as orixes da pobre industrialización de España con respecto a Europa e o atraso industrial de Galicia no contexto nacional, que na actualidade se reflicte en indicadores como o desemprego, a baixa produtividade e a emigración de talento novo en busca de oportunidades.

QUE HAI QUE FACER ESTA SEMANA?

O primeiro que debes facer é **elixir o curso e a materia** que queres programar. A continuación, debes **ler o currículo autonómico** para comprender a natureza da proba de aptitude pedagóxica e facer unha boa programación didáctica, tanto a parte xeral coma os elementos curriculares da materia que elixiras.

Logo tes que **elaborar o índice** aproximado da túa programación didáctica, aliñado cos elementos que se indican na normativa autonómica vixente, na convocatoria de oposicións e nos criterios de valoración publicados. Trátase dun índice a modo de borrador que irás modificando, completando e concretando a medida que constrúas o teu traballo didáctico.

Unha vez que fixeras o índice, o seguinte paso é **elaborar a introdución** da túa programación didáctica, que consiste en presentar as características da materia, o curso e a etapa en que se enmarca, así como explicar os fundamentos sociais e pedagóxicos que xustifican o seu ensino.